



lanzadeXras

tema 4: estratexia

módulo 16

actúa



tema 4: estratexia

módulo 16

semana 4 | día 4

lanzadebras

lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

módulo 13 | observa

módulo 14 | analiza

módulo 15 | diagnose

módulo 16 | actúa

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04


exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita
CSI
BSO





tema 4: *estraxia*

módulo 16

semana 4 | día 4

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

Unha vez que analizamos o mercado externo e interno; que coñecemos a análise DAFO e que, coa matriz de posición competitiva na man, dispoñemos dun diagnóstico de probabilidades do noso negocio, é a hora de pasar á acción e tomar decisións.

O primeiro grupo de decisións para adoptar son as de corte estratéxico, que inciden sobre o mercado, os grupos de clientes ou as liñas de negocio.

Coñecemos o mercado e acabámolo de analizar. Pero, seguramente por necesidade, comodidade e conveniencia, concentrámonos na observación e a análise dun tramo ou segmento concreto de mercado. É unha cuestión de operatividade! A pregunta é: Que pasaría se o expandimos? Que pasaría se ofertamos os nosos produtos noutras áreas xeográficas ou a outro subgrupo de clientes (sexan doutra localización ou doutro perfil)? Seguiríamos entón enfrontados ao mesmo DAFO ou mellorarían as nosas oportunidades? É máis, existen mercados estratéxicos nos que cremos que se expandirían as nosas fortalezas e oportunidades? E grupos estratéxicos, isto é, agrupacións de consumidores? Se é así, analicémolo e a por eles.

Pero non só iso. Mirémonos o embigo, aínda que ás veces custe. Coñecemos a nosa actividade e os nosos produtos, con todas as súas gamas e liñas. Pero: somos conscientes de en cales debemos centrar a nosa actividade en cada momento e por





tema 4: *estratexia*

módulo 16

semana 4 | día 4

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

que? Esta decisión é básica para, traballando liñas estratéxicas, optimizar os esforzos maximizando a eficiencia.

Unha vez que sabemos onde, a quen e que ofertar en cada momento é a hora de actuar; de pasar da planificación á acción.

O primeiro que debo reformularme é: a estrutura funcional que teño na miña empresa adáptase a ese novo “onde”, a ese novo “quen” e a ese novo “que” ou é preciso reaxustala cambiando organigramas, funcións, departamentos, postos, emprazamentos ou persoas?

O segundo, unha vez reaxustada a área funcional, é preguntarme: que actuacións concretas (illadas ou en fervenza) debo implementar para adaptarme ao novo “onde”, ao novo “quen” e ao novo “que”?

E o terceiro e último, en tanto e canto os plans de acción soen ser amplos e complexos, é priorizar, definindo unha cadea de actuacións progresivas.

Poñémonos a iso?



tema 4: estratexia

módulo 16

semana 4 | día 4



lanzade'ras


aprender do que outros fixeron con mestría

exemplo

SUPERMERCADOS

Para demostrar como un plan de acción pode axudar ao crecemento dunha empresa, utilizaremos o caso dos supermercados. Neles, os carros están preparados para que se desvíen levemente. Ademais, existe unha serie de zonas onde se sitúan os produtos de menor venda para que nos dirixamos cara a eles e consumamos máis.

Rodas un pouco atrancadas, corredores destinados para formar atascos ou música para que compremos máis rápido son algunhas das estratexias que manexan os supermercados...



a hemeroteca de Paula



lanzade'ras

fotogramas que valen máis que mil verbas

videotitorial

TOMA DE DECISIONS

<https://www.youtube.com/watch?v=Rj6UtCq-8-8>



a videoteca de Alba

O vídeo móstranos, cun divertido exemplo, a importancia de tomarmos as nosas propias decisións.

O neno acompañado por dous adultos non deixa de obedecer ordes desde o comezo do vídeo. Ao final, mentres os seus dous acompañantes discuten, el decide tomar a súa propia decisión convencido de que será a mellor posible. E pon a marcha.

Cando nos atopamos de fronte cun problema debemos pensar nas alternativas que temos e seleccionar a mellor de todas para avaliar os nosos resultados.

